



VIVIR UN SOÑO REPETIDO



Homenaxe a Lois Pereiro



asociación de
escritores
en lingua galega
www.aelg.org

2011

Consello Directivo da AELG

PRESIDENCIA: Cesáreo Sánchez Iglesias

VICEPRESIDENCIA: Antía Otero

SECRETARÍA XERAL: Mercedes Queixas

TESOURARÍA: Marta Dacosta

VICETESOURARÍA: Eduardo Estévez

VOGALÍA DE LUGO: Isidro Novo

VOGALÍA DE PONTEVEDRA: Elvira Riveiro

VOGALÍA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA: Carlos Negro

VOGALÍA DE OURENSE: Xerardo Méndez

VOGALÍA DE RELACIÓNS COA LUSOFONÍA: Carlos Quiroga

VOGALÍA DE RELACIÓNS INTERNACIONAIS: Xavier Queipo

VOGALÍA DE LITERATURA DE TRADICIÓN ORAL: Antonio Reigosa

Secretaría Económica e Técnica

Ana M. Carril Vázquez e Ernesto R. Calo

Edición

Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG)

(www.aelg.org)

Produción

Algueirada S. L.

(<http://algueirada.blogaliza.org>)

Ilustración da capa

Siro López

Depósito Legal

C 1108-2011

Algúns dereitos reservados

Recoñecemento-NonComercial-SenObraDerivada 3.0 Unported (CC

BY-NC-ND 3.0)

(<http://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/3.0/deed.gl>)

PREFACIO

Esta proposta editorial pioneira, de difusión única en formato dixital, e vertebrada ao redor de Lois Pereiro, nace coa vontade de contribuírmos desde a AELG á maior visibilización e recoñecemento do autor como partícipe da construción da realidade na sociedade actual, desde un formato innovador e multidisciplinar, nexos de unión coa propia experiencia vital e creativa do poeta merecente da homenaxe do Día das Letras Galegas o vindeiro 17 de maio.

É propósito da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega amosarmos a revisitación da obra literaria de Lois Pereiro a partir deste conxunto de colaboracións inéditas e orixinais, inspiradas na poesía pereiriana, de quen acompañamos e admiramos a creación literaria dunha voz poética senlleira e doridamente transgresora, xa nos anos oitenta e noventa. Dalgún xeito, queremos seguir a vivir e soñar co noso poeta, querido e admirado, «un soño repetido nas noites dos me seguen querendo».

Da conxunción desta pluralidade de voces actuais nace esta primeira publicación en soporte electrónico, en formato epub e de descarga gratuíta accesíbel desde a páxina da AELG.

O noso agradecemento, máis unha vez, ás socias e socios da AELG que tan ben acolleron esta iniciativa pioneira, ao dotaren de vida literaria tanxíbel os proxectos e ilusións que o ceo das letras nos permiten imaxinarmos.

A nosa gratitude a Lois pereiro pola súa palabra creadora, grávida dunha «serea furia antiga e sabia» que viviu «desviando á historia do seu curso xunto coas mesmas vítimas de sempre».

Cesáreo Sánchez Iglesias, Presidente da AELG
Mercedes Queixas Zas, Secretaria xeral da AELG

AFONSO BECERRA DE BECERREÁ

ALÉN A LOIS

Alén
de manifestos e controversias
alén
dos beat ou dos golpes
da fortuna
alén
(incluso)
das poéticas dos que te sobreviven
e te xulgan
dos narcisos que non se afogan
(porque xa non se bebe nin se fuma)
alén diso e de moito menos
alguén te le
e se le en ti
(O pobo pode ser
soberano ou letal)

ALBERTE SURAS

THE SHADE OF THE UNFINISHED TIME

A Lois Pereiro, *in memoriam*

I'll be back alone again
Confined in memory, but nothing to report,
Watching the traffic pass and
Dreaming of footprints in the New York
snow.

Lawrence Durrell

Ollando o tempo que non di nada,
no meu corpo incerto de nostalxia fragmentada,
debuxo co cuspe do presente intermitente doce
a sombra da morte futura en FM.

marzo, 2011

ALFREDO FERREIRO

TRAICIÓN A LOIS PEREIRO

Os éxitos atinxidos nesta vida
leváronme a gañar máis unha vez
definitivamente e sen pesar
todo o que contaba como gañado.

Éxtase libertaria ou iluminación
dun amor sempre xustificado;
foi a alegría até o paroxismo
o móbil que alentou a miña idea
de organizar en min unha verbena
para danzar toda a noite sobre a area.

Eu perpetúo o éxito atinxido
na tranquila travesía
en que vivo
porque esta orgullosa estatua namorada
ha de recibir nos labios dilatados
o mel esculpido como gloria profana
libre de todos os erros evitados.

Abrazado polo remuíño que me eleva
desde as tristes espirais da nada
ao alegre sendeiro da miña pena.

(Cfr. "XX" de Poesía última...)

ÁLVARO LAGO

DOMINGUEIROS DE NÓS PROPIOS

(con Lois Pereiro)

Weekenders on our own

It's such fun

LOU REED: «*Perfect day*»

Silencio

Mestas palabras no centro—

[—lévedo verbal doutra existencia]

[—vórtice helicoidal do furacán sonoro]

Airexa atlántica e mesetaria da vida e da doenza

Sangue epitelial que proe nos adentros da peaxe

Anovada xermanía xermánica nun día perfecto

dos que aínda nos restan de vida

da vidiña esta, tan molesta

Pois, logo, a fanfarra sonora dos imbéciles mediáticos

[nunca apocalípticos, sempre tan integrados]

agacha a harmonía astral dalgún silencio heroico

...Qué che vou contar, meu vello, que ti non saibas?

You just keep me hangin' on

ANA ARIAS SAAVEDRA

LUFADAS DE BADALADAS

In memoriam Lois Pereiro

Fica tristura de umbría,
nas campás da Ribeira Sacra
berce da túa estadía,
testemuña de impía taima,
relando na túa vida.

Soan badaladas de elexía,
na chaira sentíndose honrada
expandendo á lonxanía,
lucifero ronsel da túa fala,
pegada de sabiduría.

Humildade por bandeira,
na soeira ían cinguidas,
,á mesura nas maneiras,
enarbolando por onde ías,
tersa lisura nas verbas.

Era teu selo, teu porte,
todo ermo en salientar,
regalía que anteponse,
nos escolmados a brilar,
coma luceiros na noite.

Baleiro de ufanía,
ambrosía a rebordar,
nas letras de ourivería,
sempiternas de ar en ar,
predispostas a cantigas.

Temperá axexoute a dona,
de acibeche moura capa,
levándote entre lisonxas,
po los vieiros da alba,
po los petoutos da aurora.

Estando a florir en brama,
túas letras acendidas,
de choridas que espallaban,
silentes dores contidas,
na vida que se apagaba
soarego de mans suíñas

ANA PÉREZ CERVIÑO



Ilustración baseada no poema "Alan's Psychedelic breakfast", de Lois Pereiro.

ARTURO CASAS SAAVEDRA



Fotopoema "Ovidiana para Wenders", inspirado no poema "Quen?" de Lois Pereiro.

BALDO RAMOS




Ilustración baseada no poema "Narcisismo" de Lois Pereiro.

CARLOS NEGRO

CUESTIONARIO LOIS

(Entrevista apócrifa na terraza do Entrerrúas,
Santiago de Compostela, 29 / 02 / 95)

Lois, cal é, a día de hoxe, o teu estado de ánimo?

Como o supervivente da batalla, despojado de gloria e de riqueza, só aspiro a outra mañá de enerxía luminosa; pero tamén sei que moitos pretenden adorarme como o espectro que se exhibe no escaparate dunha tenda de vivencias. E o público, ese rumor invisíbel de voces náufragas, esixe a súa dose diaria de vísceras e sangue. Quizais de-vece por saber que sombras habitan no interior dos meus ollos amarelos antes de que emprenda a fuxida derradeira.

Como definirías a vida?

Un animal indomábel, unha besta en perigo, un fugaz intervalo entre dous muros de silencio.

A que lle tes máis medo?

Ao triste contaxio de min mesmo; a perder o favor dos meus anxos protectores; a converterme en veneno letal para aqueles que me aman.

Que agardas aínda do futuro?

Unhas pingas de maxia, un mínimo estoupido de beleza, doses exactas de tenrura.

Que botas de menos do pasado?

Sinto nostalxia do tacto, ansia dos dedos sobre este simulacro de carne, luz que me devore por dentro.

Que virtude consideras necesaria?

O humor, o humor sempre, aínda que sexa a paos. E, como un fular sedoso para a alma, certa elegancia diante dos espellos.

Que defectos asumes como propios?

Asumo a destrución de min mesmo, a aventura de ser cada vez un pouco menos, se cadra tamén unha enfermiza melancolía pequeno-burguesa. Asumo un narcisismo para sempre conxelado.

Con que tres substantivos definirías a túa existencia?

Contaxio, furia, eternidade.

En que lema te recoñeces por completo?

Cando non podo estar con quen amo, intento amar a quen está comigo.

E a morte, Lois, es quen de imaxinala?

Algunhas noites, entre visións húmidas e etéreas, soño que me atopo coa Gran Dama deitada nun diván negro sobre o silencio glacial das neves do Ártico. Quizais sexa iso, só iso: beleza xélida nas gándaras

do norte, pombas azuis coas ás queimadas. Ou de modo máis prosaico: un incidente necesario.

Como concibes o oficio da poesía?

Fucking Poetry!... [Risos leves] A vulgaridade constitúe un síntoma definitivo de rendición, tamén na literatura; por iso, trato de estar a cada segundo alerta e vixiante, intento exercer con delicadeza absoluta a escolla de cada palabra, pois só podo escribir desde a consciencia dos fluídos que percorren as entrañas, nunha transfusión do meu sangue a cada letra. E máis alá, nun tambor de ritmo, a dor, a dolor mutante na que existo e sobrevivo.

A que escritores admiras?

Venderíalle a alma aos meus anxos caídos: Paul Celan, Thomas Bernhard, Peter Handke. O resto vén sendo silencio ou, como única alternativa, loucura nunha sala acolchada do manicomio de Mondragón, cunha peza de Bach como calmante.

Da túa xeración, con quen farías un brindé literario?

Coa miña irmá siamesa Xela Arias, desde os dominios da intemperie, contra a tiranía da barbarie; porque sei que ela tamén rezaría comigo “No future Anarchy & destroy me”, nun exorcismo común e compartido.

Cal é a túa bebida favorita?

Antes, nun tempo que xa nin lembro, cervexa calvinista ou whisky ateo; agora, un vaso de coca-cola sen cafeína. A isto chegamos.

Un lugar para vivir?

No Súdost de Kreuzberg, sen vestixios do Muro, co roce dunhas plumas invisíbeis sobre as costas.

Unha canción que lembres especialmente?

Vénme á cabeza aquel solo de guitarra de “Shouthern man”, xa sabes, Neil Young for ever.

Que papel che gustaría interpretar nunha película?

Uf! ... Coido que non faría mal de forense nun filme de cine negro. Pero iso tampouco tería demasiado mérito: estaría a realizar unha disección da miña propia anatomía entre os claroscuros dun laboratorio expresionista.

Con que animal te sentes máis identificado?

Co salmón que remonta o río e cumpre de vez o seu destino.

E cal foi a maior extravagancia da túa vida?

Se cadra aínda non chegou a acontecer... ás veces, nas horas de delirio insomne, véxome a min mesmo como un cadáver que florece en herba e líquidos telúricos... de súpeto, un coro de rostros furtivos que emerxen da néboa comezan a efectuar a autopsia dos meus íntimos pesadelos, a biopsia da miña letal humanidade. Albisco pantasma esvaídas entre as brétemas do tempo, centos de bocas anónimas que comezan a cuspiren ladaíñas redentoras sobre o calcio dos meus ósos, como nunha escena póstuma dun filme de Buñuel...

Unha última mensaxe, a xeito de despedida?

Coas veas abertas no centro do escenario, non podo nin quero refuxiarme no cinismo; contra o virus amargo da inconsciencia, contra a

putrefacción do fatalismo, non son quen de permanecer nin calado nin neutral. Por iso, desde as mesmas portas do inferno, seguirei a erguer as bandeiras do meu sangue, entre o negro e o vermello. Para que a morte nunca me sorprenda mudo, indiferente e derrotado.

CHELO SUÁREZ

SOMBRA PROCLAMADA

Polas fiestras abertas
caía oblicua a luz
mentres ti, toda a bebías
nese
teu último solpor
namorado imposible
dos limpos amenceres
e das horas festivas.
E unha palabra
unha palabra última
bolboreta de sombra
abrochou do teu silencio.

E veu pousar en min.

*

O Amor e a Morte
conxugados
nun verbo imposible
por Ti
celebraron coa música
crúa e núa; lúcida e profunda
das túas palabras

unha íntima unión.

Todo o demais
foi un murmurio inútil
que ardeu nun instante
nos labios sedentos e torcidos
da noite.

*

A rameira descarnada
andaba a roldar
consumida pola febre do desexo
os ángulos agudos
do teu rostro.
A luz definitiva dos teus ollos.
Ansiosa por beber
ese hálito último
no que gardabas unha última pregunta
e agardabas, sabéndoo
unha resposta incontestable.

Un clamor
Un último clamor elevouse nas horas
reivindicativas
de todos buscándote, na procura da túa voz.
sen saber
que o teu silencio
o teu silencio último
aínda fala por ti.

Dende a morte
aínda estás a berrar

seino
 a chamar por ese amor tolo e fuxidío
 que se expresa con palabras de duro cristal
 e debuxa imaxes equívocas de frías crisálidas
 embalsamadas
 nun licor de xeo.

Un veneno
 íntimo devórate.
 Bebe dos teus versos.

*

Sobrevivirás coa forza necesaria
 para proclamarte, sombra
 que retornas
 na tersa realidade dun espello.

Palabras, sombras
 deixas e te vas.
 O teu perfil gravado
 na plenitude
 do azougue

*

A voz
 apagouse
 en ti.
 Mais quedan outras voces
 que proclaman
 coma unha soa voz
 que aínda es presenza.
 Visión ardente

que descendes sonora
dun remuíño violento
de palabras

Hai no desnivel das horas
un instante
de pálidos crepúsculos e tardes
que iluminan a penas unha sombra
que axiña
cae
nunha luz.

Intoxicada de velenos e nostalgias.

*

Ergueito
sobreviviches aos días
sen caer nin tropezar
a cada instante.

Ata caer de vez.
para acadar
materia incandescente
o límite dos astros.

*

E as horas transcorrían naquel tempo
coa exacta lentitude dun adagio.
Eran horas de xantares apenas tocados.
De música inaudible
que escoitábamos xuntos
sen saber

mirándonos

quen eras ti
quen era eu.

Naquel instante.

*

A terra é o principio, si.
Mais todo existe nela para des-existir.

A un soño de vacas louras
e verdes vales mollados;
ao lento enfiar do orballo
encadéome.

Non quero espertar, dixestes
se non podo

facer acrobacias en traxe de frauta.
Agatuñando tolo

polas notas como bágoas
dun nocturno de Chopin.

Se cadra deberíamos reescribir a latitude exacta dos desexos
nas coordenadas desa alma oculta
que agochamos

“Cuspide enriba cando pasedes por diante do lugar onde eu repouse, -
mandaches esculpir sobre a lousa que te garda- enviándome unha
húmida mensaxe de vida e de furia necesaria”.

Cando eu pase por diante desa lousa, hei cuspir bágoas, xúroo.
Desatarei a furia xusta e necesaria; para logo, axeonllada, cantar coa
complicidade dun xílgaro, a resistencia eterna das túas palabras.

CLAUDIO PATO

DEVIR PANTERA DE LOIS

-non non son temeroso da morte mais non me gusta a idea de ficar cadáver polo de agora mantéñome ben aquí nas selvas lancandonas.

*este texto nace da conversa mantida con iago martínez a razón da súa intervención no ciclo escrita(s). sabendo que todo texto é unha produción colectiva na que batallan multitude de forzas, é un texto cando menos escrito a catro mans. por iso é para e con a **banlieue coruñesa das atochas**.

*Vivimos un aquí acaecido no tempo, nun tempo que en palabras de j. l. nancy *ben saberá tomar a medida, ou ben perderá toda medida, e con ela a existencia. **The time is out of joint** - lean Poemas de amor e enfermidade* de lois pereiro e verán que o tempo segue aquí fóra de xustiza (...) e é entón cando o real fica noutro lugar...

***Ocorrer vermello dun/dunha calquera**

Porque o evidente non é o real

O que pensa Joan Brosa do caso de Federico García Lorca recolle unha historia en-carnada na(s) batalla(s) do tempo.

- recordas o raiado que é o disco de The Cure *Pornografía*
- es unha mona

A historia que conta ese pensamento e o asasinato de sebastián ao fin a procura de arrasar cun calquera.

- claro que é un asunto de mercadorías un asunto de modos de produción
 - aínda isto consegues ás veces descansar sobre a area de Combouzas
 - ás veces manteño o equilibrio xusto ao pé do oceano

E ben Brosa produce un calquera asombroso.

O calquera ocorre aquí cadeira tapizada de veludo vermello **at-ravesada** - no que fai lugar para que descanse o corpo que batalla - por unha frecha.

Non non se trata aquí un talón.

- ostias son eu e es ti e son tamén *s *utros os que me equilibrades *s múltiples asesinad*s tamén

Entón o que nos interesa é que a frecha é sucesivamente e en todas as aparicións dos corpos asesinados a mesma flecha e en por iso que nunca acaba de chegar. E en por iso que o tempo anda fora de Xustiza ao tempo que habilita a fenda.

Non é esta unha imaxe do tempo é o tempo mesmo que batalla de seu.

En efecto os corpos asasinados tamén impenitentemente son sempre os mesmos ao igual que en Lois as obreiras que saen da fábrica de tabacos son sempre as mesmas obreiras.

Mais que pasa por pensar con Lois nas selvas Lacandonas onde gobernan as panteras.

Entón:

Articular historicamente o pasado non significa coñecelo tal e como verdadeiramente ten sido. Significa gañar un recordo tal e como alumea no instante dun perigo.

w. benjamin

Devir pantera de Lois.

Se non o pensan así vaian e piquen calquera dos cortes do vinilo *Pornografía de The Cure*.

O real fica sempre noutro lugar a onde polo esforzo dos iguais se achega o político.

Porque a morte era o enésimo disfrace do poder.

Porque escribir era un incendio.

Porque as vítimas eran as vítimas de sempre.

Porque había que loitar polo evidente.

Porque vida e obra eran as armas para tomar as selvas lacandonas do que nos foi prohibido.

CONCHA BLANCO

APERTA

O corredor de fondo perde o alento

cando vai ás alancadas polo val.

As olladas fixas no horizonte.

Os brazos pendurados bambéanse

ao carón do corpo.

O corredor!

O corredor camiña por inercia,

avanza ás toas sen parar.

Atrás vai deixando

cada vez máis lonxe, máis lonxe

a infancia, os amigos, os seus.

A súa sombra é ela.

No camiño esgota os folgos,

cando se para, volve mirar
aquilo que deixa atrás.

Unha puñada no peito
guíndao ao chan.

Un nó na gorxa impídelle respirar.

O corredor!

O corredor derrubado pecha os ollos
intentando non pensar.

Nubes grises ameazan treboada.

Érguese o corredor na procura doutra xeira
sen desprenderse da sombra.

Mentres o corpo aguante vai seguir
camiñando polo val.

Ao mencer sobre a herba fresca , sobre a herba verde
escribiu con bágoas negras:

Tristemente convivo coa túa ausencia.

DAVID POBRA

POEMA

Cando Lois soubo que aínda estaba vivo sentiu
a necesidade de terminar co personaxe, mudar
a incerteza das escamas.

Terminator Pereiro, das cinsas do século
para legárnolos poemas do futuro
recollidos no azul das súas veas.

Radiografías de ollos detalladores e
lentes escuras
para as tensións máis internas.

Acoirazado de chupa negra
cubriendo a aliaxe da furia
coa señardade.

Desgastada pola tristura intemporal,
a fráxil capa dérmica apenas disimula
os microchips do rostro.

Franqueza dun corpo etéreo
e baterías consumidas
por tan luminosa voz.

O elo, a cuarta persoa singular
con cabelo de brétema radioactiva e

pegadas de son titánico sen rozar o chan.

Regurxítamos lava sobre a túa lousa
dándoches o pé a volver
incendiar a nosa época.
Intentando
a elegancia
das catástrofes.

Ata á vista, dandi.

(do libro inédito *Poetas S.A.*)

DIANA VARELA PUÑAL

O VENTO NO PELO DO ROQUEIRO

Ó inferno irá quen quite estas flores e estas candeas. Un pouco máis arriba do graffiti-epitafio, Estrela bebía con fervor a auga que a dona da cafetería lle ofreceu nun cinzeiro. Pechouse o círculo.

Durante preto de dez anos, catro veces ó día puiden sentir as notas do roqueiro regateando o vento pola rúa da Gaiteira. As catro veces que baixaba a rúa de Peralta, as catro veces me falaba, adeus chica, as catro veces, Peralta.

Desde hai anos á rubia Estrela dánlle de comer os veciños, cúrtanlle o pelo, puxéronlle un colar verde. Mais chega a tardiña e ela insiste en deitarse no mesmo lugar de sempre, a carón do amigo, entre a funda da guitarra aberta á vontade, e o músico.

Onde adurmiña agora Estrela? Todos senten a saudade da cadelas buscando a Peralta.

Que estraña aura o iluminaba para que a rúa non sexa a mesma, aura a sorriso, o chaleque de coiro, a melena e a guitarra. Que alguén lle explique a Estrela que morreu Peralta.

Na casa do sol nacente, onde a arte non fracasa, adurmiñan Estrela e o roqueiro.

Tornan visible o vento canda Kurt Cobain, Charlie Parker, Lois Pereiro.

ESTÍBALIZ ESPINOSA

O QUE LEMOS

A masa literaria faise carne
carne de papel e aquí se vén
a se tatuar o nome seu nun mercurio do destino.
No tóxico sabor da súa bruma. No anel
de sombra que dá forma as súas olleiras.
Os seus pómulos que regueifan contra o frío
glaciares a flotaren máis aló de Betelgeuse.
Un sistema que repite Lois Pereiro nalgún lado
nalgún lado, Lois Pereiro, nalgún lado.
Non creo que iso importe máis que o cuspe
desta vida. Esta vida en si un abismo
dentro doutro abismo no que lemos
lemos contraLemos
para acabar sobrevivindo.
Será una voz en off sobre as imaxes dun
estromatolito de tres mil millóns de anos
o que lemos,
Lois Pereiro.
Será Mitteleuropa na cunca destas mans
tan contracapas.
Será a Acracia dando flor no paraíso.
A temperatura ascende ao tempo que escribimos
de arriba abaixo sobre un corpo xa ilexible.
Non se queima o amor, quéímanse os astros.

Non arde o terminal, a vida é plena.
Quen tivera varias vidas coma quen ten irmáns
irmáns de sangue, na folla que incha as veas.
Sangue calcinado. Se queredes tinta.
Aquí se vén para non facer xirar a roda
aquí se vén por valente e por ubú
polos puntos suspensivos contra a infamia
que foi deixando caer no vieiro
Lois Pereiro.
Aquí se vén como se peregrina ata Coruña
unha Highland por un Pound e doce Bernhards.
Eu vestida da intuición de que non o coñecía
e teño pouco que dicir, bastante pouco
e moito máis que ler. Aquí nos vimos
novicios todos na palabra, en tal brancura
que as loias da que foi a súa vida nos tatúan
o furor uranio seu de ser amor
de sermos carne.

FRANCISCO ÁLVAREZ-KOKI

AQUI Ó LONXE

Sentado fronte o mar,
na outra orela do Atlantico,
escoito as caracolas,
que o teu nome cantan.
Sentado aqui en Harlem,
donde as palabras saben
a color cobre que queiman,
toda a esperanza.
Aqui no amor e desamor,
destes dias en que te lembro,
reeleo silabas do vento,
de poemas feridos no teu peito
que buscan acobillo nos nosos ollos.
Xa ves, Lois Pereiro,
pouco mudan os tempos dende enton.
Vai facendonos un sitio,
que estamos cansos,
de abrir os ollos, e perder a esperanza.

Nova Iork Abril do 2011

FRANCISCO CASTRO

INMODESTA PROPOSICIÓN OU MANIFESTO OU CATECISMO


Eu tamén estou da parte da Beleza
das pupilas azuis que persigo
decadente
para enganar as mulleres e que me deixen entrar
e así beber das faíscas da súa fermosura
uterina
que sei que todas teñen reservada para min porque amo a todas
e merézoas a todas.

Estou, manifesto que estou
da parte da traizón
sabedor como sei que hei enganarte
e que as miñas bágoas súplicas
a cabeza baixa
sempre
son unha estratexia para terte ao meu carón
e sentir que non morro.

Estou, e estes serán os últimos versos de amor que nunca escriba
coma el habitando no capítulo inxenuo da vida
dos violíns das
cancións de amor dos
bailes agarrados na sesión disco ás sete da tarde dun

tempo que se me foi e que non quero aceptar que xa non é.

HELENA VILLAR JANEIRO



Fotografia baseada no poema "Curiosidade" de Lois Pereiro.

LINO BRAXE

THE INDIAN IN HIS GLADE

(Elexía a Lois Pereiro)

E a morte non terá señorío.

Dylan Thomas

Limpei os meus ollos,
respirei fondo
e erguín os meus gastado setenta e oito kilos de carne
da mesa na que bebía.

ABrín o libro e olleI a foto,
a foto na que os dez mirábamos a vida
desde o alento dun mundo que se nos ía.

E el que guapo estaba.
Mirei a Miguel Mato.
Sorrímos por todos.
Sabíamonos fieis a unha amizade enferma e silenciosa.
Pensei en Manolo
e na súa caricia de irmán querido.

E entón decidino:
Fixen a maleta e marchei na procura do sol,
levaba o odio á pátria no corazón

e a ansia de regresar recuperado,
libre de tanta miseria e desmesura
como nos últimos anos contemplei.

Amei o esplendor do sur,
durmín en frescas tabernas,
comprometinme nunha despedida de voo solitario.
Maldecín,
busquei pelexa
e só atopei a inmortalidade na entreperna daquela muller.
No fondo dos seus ollos verdes
achei o corredor da luz que vence á morte
e estreitei a man de Lois na outra beira.
Foi o resplandor da Confederación,
o adeus á vella Georgia,
o sable de Lee.

Agora só podo evocar a viaxe
ou retornar sobre un disco amado,
un poema,
unha bahía con piratas,
as cadeiras dunha india,
Maracaibo.
Se cadra fuxir.
Sitting Bull.
E ese desfacerse de tambores nas pradeiras.

LUCÍA NOVAS

DANDISMO

DANDISMO, enfermidade, barrett, suicides, esteticismo extremo, piedades e panadeiras, autosuficiencia, Lied, amor intenso, pombas azuis, atrocity exhibition, trastorno, bosques escuros, anarchy, Düsseldorf, contracultura, veas e fíos; kraftwerk, distortion, the stuff, a distancia, a fondura da dor nos espellos embazados, na friaxe da mañá, nas sombras, nos encaixes, no gume, nos abismos das xemas; e destroy me, escuridade, Ezra Pound, doses, ausencias, un ange passe, casas abandonadas, herterodoxias, beloved; e toda esa músicaafiada, o punk, o gris da beleza, o estético, o brutal, parálises e permanencias, unións, santidad, fumes e desordes, azas esgazadas, toxicidades literarias, intensas; enxertos, fronteiras, suburbanos, marxes, shadows e prayers, debilidades, vestixios, les autres, ennui, o intanxible, as fisterras.

LOURDES MACEIRAS



Na memoria do vento
está a mensaxe de vida,
a memoria é esperpento,
a mensaxe é mentira.

Lourdes Maceiras

MARÍA XOSÉ LAMAS

A LOIS PEREIRO, *in memoriam*.

Pausa,
ausencia no existir,
fuxida descuberta polo ser, case inerte.
Fuxida até ningures sen retorno.

Mansa,
a auga no fluír
arrola nas ondas o teu espírito, ausente
do corpo que te agocha en abandono.

Cansa,
a túa vida rexurde do letargo
e a ollada proxectas pouco a pouco
dirixida a un futuro cruel e incerto.

Calma,
a alma agroma con ese gusto amargo
de pertencer a un fraco e fráxil corpo
sen azos e que tira polo alento.

...

Segue dende o lonxe a dirixir concertos,
segue a amosar o existir adormecido,
segue a ollar ese teu mundo dende dentro,
segue coa tinta dos astros escribindo.

Vilalba, a 9 de abril do 2011.

MARIO REGUEIRA

Sen dúbida o telefono turba o sono dos durmintes. É por iso que saes no primeiro toque. No azar da comunicación, a túa voz soa metálica. Nós que nunca nos chamamos máis alá dos versos de Lois Pereiro, que nunca tivemos o día de despois, a palabra tenra que fose máis aló do estou aquí estamos aquí e a roda de camaradas agarda que aparezas polo camiño ou non agarda nada. A nosa paixón ten a lingua presa e ten ademais a voz tomada tal e como se tomaban en tempos os castelos medievais. Habitamos nos portais escurecidos. E non sabemos falar, ou o que é peor, nunca tivemos discurso.

El durme aínda coa boca ensanguentada. A mesma que onte brillaba tanto baixo as farolas. Non preguntes. De deixalo, Leo remataríao contra o chao, e hoxe sería a rolda das culpas e nunca daríamos en falar esta mañá como falamos. O ollar perdido nas casas luminosas da primavera pasada. A tensión toda dos dedos que apreixan con demasiada forza, ou demasiada pouca. O inventario dos traumas que acompañaremos até o final da vida.

Se eu puidese escoller amar, escollería amarte a ti. Como se ama tranquilamente nos anos finais dunha paixón. Sen tributos monárquicos, nen descenso aos infernos. Sen alcol laiando dentro do corpo, ou o cuspe

sangue dunha boca fendida.

Eu querría amarte case sen amor, como se foses a sombra rediviva dun mariñeiro morto. Ou o rapaz que as vellas bichas atopamos aos sesenta, o que é puzzle dos amantes pasados.

Como se soubeses quen era Al Berto e puideses responder ao primeiro toque:

*caminhamos en direccións opostas. caminhamos sem destino pela cidade. a febre aniquila-nos. existem Índias por descobrir, no segredo da noite dos
nossos desastres*

Eu eu puidese colgar sen máis, como quen fecha o puño docemente sobre o último estertor dun orgasmo.

MARTA DACOSTA

RESURRECCIÓN

Houbo resurrección
se a porta ficou pechada
por máis que un pé e outro pé
tentaron poñerse entre ela e o destino?
houbo pés, mans, corpos
dispostos
desexosos

doéndose do abismo

do baldeiro que se iniciaba
sen fin
dispostos a atravesar a porta
desexosos de camiñar á par
de quen substituíu o desexo polo exilio
non houbo resurrección?
chamádelle memoria
unha amizade persistente que incansábel
petaba na porta de nós todos

OLGA PATIÑO

O LOBO

(A LUZ NA ESCURIDADE)

Para Lois Pereiro

As fauces da noite aínda non se abriran, nembargantes, o alento da súa boca bravo e desmedido de incógnitas estaba alí. O arrecendo dun lume fumegante, que converxe nunha voz única cando emerxe do centro da terra en horas escuras, atopábase moi próximo. Era nesa hora intempestiva na que as paixóns e os soños alleos ao seu destino abanéanse na luz do misterio.

A lúa suprema, insobornábel abríase paso ao berro agudo da horda ancestral, impedindo o retorno dun vento saqueador. O lobo tirou toda esa noite da opacidade da súa sorte; sostíña o alento ata que oubeou á preñez da lúa que pendía dun teito absorbente.

Chegou á cova da Pedela, canso pero lúcido, tan lúcido que sentíu como de seu o latexar de toda a caste humana: a tribo que esnaquizaba á esperanza, a mesma que non se arrisca a crecer sen ferir, a que chega a consumir a morte dunha terra compartida.

Ao espertar o día, conseguíu ver o seu-lugar sagrado-,ese eido onde un se refuxia para non ser devorado, para afastarse da rutina da desesperación. Encamiñouse cara a el, mais...xa non tiña folgos.

A Coruña, 14-3-2011

RAFAEL LEMA

FLORES NEGRAS

A Lois Pereiro

Pasaban os teus versos como unha brisa de fume e flores negras mentres nós deixabamos o ensaio no garaxe de Felisa para ir a presentación de Luzes en Sada invitados por Rivas.

Alá onde un día nos presentaron e falamos.

Aqueles días de rock e latas pisadas tras concertos de aldea aqueles días de ferro e de mareas

foron vagas abrasadas de escouras de osos de gaivota e vidros rotos

foron talco sobre lápidas e columnas forxadas por titáns

e non son nada cando nada fala cando nada brinca cando nada canta

por moito que esmaguemos os minutos nas ondas dos días e nos kilómetros de vías mortas e tsunamis por

moito que nos empeñemos en apañar carbuncos entre o millo novo e traducir poemas de Handke e de Seferis

por moito que nos deixemos o alento en carreiras de fondo ata o fondo do abismo e da materia por moito que

arranquemos das quendas as cancións arrebatadas polas lúas pola mel xeadada pola sombra negra pola

nihilista ansia

tardes de rock e voces xa lonxanas de nomes que non son de outras xeiras e outras rebelións

acaso tamén vinganzas buscando desencontros polas luces ácidas
buscando aire fresco para quentar o
berce onde nacen as palabras buscando os mesmos camiños que foron
carreiros desnortados que foron rúas
ata a ansia do sol esmorencedo no peito dos océanos sen redes e sen
barcos.

Pasaban os teus versos e quedaban entre baladas heavies e cantos
caucasianos
e por iso os amigos de algún día os que cantabamos e tocabamos xun-
tos no garaxe
subimos ó coche visitamos a tumba si a túa pobre tumba onde
deixamos
flores negras e pétalos de nube.
Nós que nunca aprenderemos a chuspir na tumba dun poeta.

RAMÓN CARIDE

Maio, 1996

a morte é un vidro escuro groso e frío
as palabras non poden atravesalo
e nós transitando por esta beira aínda
mentres a treboada nos martela os ósos
tu ao outro lado

imaxes residuos pegadas na area
non compartiremos ningunha conversa
a penas a poesía nos salvará un intre
do espírito insomne
o amor e a vida son drogas moi duras

e nós desta beira a choiva batendo
con pingas escuras horas de derrota
este non é o maio tamén agardabas
este non é maio o verao vén tarde
sempre está de paso

sangue cuspe e seme en mostras asépticas
nunha repetida soidade de análises
este non é maio trememos espidos
no latexo fondo máis suxo máis puro

derradeira ollada e nostalxia aceda

que nos sobe á gorxa
pero aínda deste lado do espello
arde un toro novo de carballo no lume
e algo aquece

agora o aluminio da galería encadra
a paisaxe verde tan verde e tan triste
que semella mentira

sempre soubemos que mirar atrás era inútil
mais pasamos días revisando os danos
do tempo e os fracasos
ao fin compañeiros separados a penas
polo groso dun vidro definitivo e cego

aínda que nunca compartimos unha conversa
ergo estas verbas como un facho na noite
para abrazar con elas o baleiro
porque ningunha aperta pode ser tan forte
que abonde pra estreitar

o oco da túa ausencia.

ROSA ENRÍQUEZ

RESISTENCIA

A Pereiro, pola resistencia

Chove. Cada vez vejo mais turvo, cada vez tenho mais medo. Estamos enterrados em convenções até o pescozo: usamos as mesmas palavras, fazemos os mesmos gestos...
Húmus, Raul Brandão.

Resistencia: modos de soñar-de construír un becho atlántico e pertinaz coa distancia suficiente.

Pero ti non queres buscar e pra te arredares de min fais coma quen que non ve. Perdechesh os ollos. Vas exhausto e deforme na deriva. Corres.

Os cabalos tamén saben correr-no entanto-non se postran nunca. Conservan a furia e o entusiasmo do principio.

Pero ti corres que te matas pra chegares a un patio de latex ben e ben artificioso.

De todos os xeitos-sempre haberá alguén que foxa da morte programada e saiba facer do corazón carne en movemento.

Por iso a resistencia ten toda a intención de fabricar un becho pegado á terra pra facer versos coa distancia suficiente.

ROSA MÉNDEZ FONTE

*INOPORTUNO ADEUS, groseiro
e pouco delicado [extremo para nós,
que te sentimos aínda correr voraz
polos xardíns da Casa Grande.*

Avóa Balbina, ensarillada nun berro
amargo, vai tola pola ausencia, apertándote
no colo.

Permítelle a esta Rosa, tamén] *intransixente
co poder [cuspir enriba do manto
que te agacha, nunha mensaxe rexa]
de vida e furia necesaria.*

Campañas, marzo de 2011

SALVADOR GARCIA-BODAÑO

EVOCACIÓN DE LOIS PEREIRO NA CIDADE DA CULTURA

A urxencia foi teu xeito de vivir,
de ir polos camiños
sen fronteiras
e andares por un mundo arrebatado,
ollando para todo
febrilmente
e como ardendo en soños e palabras,
en vágados de agardas
e de amores,
e tamén de ilusións e desesperos.

Viaxeiro entre ansias
e vivencias,
chegaches a cidades presentidas
e a falas escolleitas
de entre o tempo
para ir deixándoas nos teus bos poemas,
con músicos
en nomes de graffitti
ou en papel pautado de concertos,
e artistas
e escritores
do teu cosmos
por semprexana luz do teu lume álxido.

Entrada a noite,
na túa memoria,
lerei os teus versos en silencio,
igual que se estivese a orar
fronte ao templo da nada
onde repousas.

21 de marzo de 2011. Lido o Día Internacional da Poesía. PEN CLUBE
de GALICIA

SIRO LÓPEZ



Retrato de Lois Pereiro.

TATI MANCEBO

ACRÓSTICO

Só a media distancia
O odio ao movemento
Manifesta unha atracción errada.
Bafaradas de fume e necesidade
Rodean o perímetro da carne
A calma está sempre fóra.

TOÑO NÚÑEZ

ACRÓSTICO

Saber que está un á morte
Iniciar a viaxe sen retorno
Descubrir que só fun un interludio
Ai! A néboa de Monforte coma un soño.
Mentres bordeo a fronteira entre dous mundos
O pasado apodrece baixo terra
Recitaríamos con fluidez a dor interna
Tería que reanudarme... Tería
E regresar á miña propia vida
Vivo. Je t´ aime. Serán. Escribo
Intentando evitarme... Ousadía
Deixaches no meu corpo a túa presenza
Algo de min deixo.... Para que sobreviva

VERÓNICA MARTÍNEZ DELGADO

*« [...] a calma que me esixo para amarte
sen sufrir pola túa indeferencia
á miña retirada preventiva
dunha batalla que xa sei perdida
resolto a non entrar xamais en ti
pero non á tortura de evitarte».*

Lois Pereiro

Vence
o que se despoxa
de todo: budismo metafísico.
O apego
si é sufrimento.
Deixar
os bens gañanciais,
os beneficios,
os testamentos,
as testemuñas
e os amigos.
A familia
e a política.
Deixar
as lembranzas todas,
o teu cheiro,
o teu sabor,
todo,
no pasado.

XOAN CARLOS DOMÍNGUEZ ALBERTE

“REMATE DUN POEMA PARA RAYMOND CARVER”

Mandáranos levar á clase
un texto de LP.

Coincidiron buscándoo na biblioteca municipal.

A alegría cruzoulles a ollada
ao escolleren a mesma letra
para a súa composición.
No amor, como na guerra,
nunca oímos o tiro que nos alcanza.

XAVIER QUEIPO

USA A TINTA NEGRA COMO SE FOSE OURO

Cando foi a primeira vez que o son das buguinas acordou o teu ser?

Na soidade cíclica das avenidas?

Nas infinitas noites de insomnio?

Under every stone, another world crawls (1), pensabas

Mentres destilabas tinta do sangue corrupto

Na cidade de húmida amalgama

Nimm die schwarze Tinte als sei sie Gold (2), pensabas

Deixando pegadas de escaravello cego

En regueriros de tinta comedidos

Beautiful borders, magnificent lines (3)

Que non separan, máis que xuntan

A aqueles que nunca se senten estranxeiros

Cando foi a primeira vez?

Bruxelas, 9 de abril de 2011

Notas:

- (1) « Debaixo de cada pedra, palpita outro mundo »
- (2) « Usa a tinta negra coma se fose ouro »
- (3) « Lindes preciosas, versos magníficos »

XAVIER SEOANE

LOIS PEREIRO POLO CANTÓN DE PORLIER

Tiña luz de urogalo e neve branca
camiñando no absorto azar das rúas
con lenes gabardinas capicúas
da distancia, do spleen e da retranca.

Subido o colo, a mirada, franca,
despedía a aureola das máis núas
e elípticas volutas que das súas
mans fuxían aos búnkeres da Banca.
Pero o destino foi con el avaro,
e as poutas máis indómitas cercaron
o seu bosque de brasa estremecida.

Nas laxes do Cantón do desamparo
foi un Porlier que as sombras contemplaron
viaxar alén do amor, da morte e a vida.

(O texto pertence ao livro, actualmente esgotado, *Vagar de amor e sombra*)

XOSÉ VÁZQUEZ PINTOR

LOIS PEREIRO

A vara verde de medir as atmosferas da vida
cando venta e muda o sol na galanura da revolta
cimbra e gasta o tempo coma ti nos outros asubíos
do conforto que aló hai: a maré de sempre as andoriñas
ven e fica

XULIO L. VALCÁRCEL

CORPO TERRA POEMA

A Lois Pereiro

Estrofa rota ou canción inacabada
xordes aló no fonaldo neboento
dun soto milenario
Na man traes un bimbio
nos ollos canseira
Cando a dor queimaba
ías como un morto ao seu cadáver
pacente nai a agardarte
Enxoito paisano cósmico
sen palabras nin cadeas
retornas agora nunha espiral de abraio
Bendito ti Lois Pereiro
que percorreche silandeiro e cego o peitoril do abismo
Bendito ti
que sen deixar o Incio asombraches as lúas
de Madrid e de Roma
de Berlín e de Londres
Bendito ti
que fixeches da dor unha ascese e da pureza un lume
abrasándoches as veas
Bendito ti
que descifrando o misterio ficache atrapado

Bendito ti que achegache ribeiras distantes
e teceches bandeiras rebeldes con fiaños de alma
Bendito ti
que ollaches de fronte a luz máis terríbel
e deixaches unha orquídea acesa no corazón da tebra
Espidos inocentes
hemos atoparnos
Luís Manuel Sánchez Pereiro
onde xa non importan
nin os nomes nin as datas
nin os versos
Bendito ti
que conversas coa auga e meditas coa pedra
Bendito ti
que confundiches corpo terra e poema

Apéndice: Lista de Autores

[Álvarez-Koki, Francisco](#)
[Arias Saavedra, Ana](#)
[Becerra de Becerreá, Afonso](#)
[Blanco, Concha](#)
[Braxe, Lino](#)
[Caride, Ramón](#)
[Casas, Arturo](#)
[Castro, Francisco](#)
[Dacosta, Marta](#)
[Domínguez Alberte, Xoán Carlos](#)
[Enríquez, Rosa](#)
[Espinosa, Estibaliz](#)
[Ferreiro, Alfredo](#)
[García-Bodaño, Salvador](#)
[Lago, Álvaro](#)
[Lamas, María Xosé](#)
[Lema, Rafael](#)
[López, Siro](#)
[Maceiras, Lourdes](#)
[Mancebo, Tati](#)
[Martínez Delgado, Verónica](#)
[Méndez Fonte, Rosa](#)
[Negro, Carlos](#)
[Novas, Lucía](#)
[Núñez, Toño](#)
[Patiño, Olga](#)
[Pato, Claudio](#)
[Pérez Cerviño, Ana María](#)
[Pobra, David](#)
[Queipo, Xavier](#)

[Ramos, Baldo](#)

[Regueira, Mario](#)

[Seoane, Xavier](#)

[Suárez, Chelo](#)

[Suras, Alberte](#)

[Valcárcel, Xulio L. Varela Puñal, Diana](#)

[Vázquez Pintor, Xosé](#)

[Villar Janeiro, Helena](#)